

Bingo, Pilar Beiro

Ana Salgado

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

SALGADO, ANA (2011 [2008]). “Bingo, Pilar Beiro”. *Protexa*: 6, 22. Reedição en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1015>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

SALGADO, ANA (2008). “Bingo, Pilar Beiro”. *Protexa*: 6, 22.

* Edición dispoñíbel desde o 25 de xaneiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

Bingo · Pilar Beiro ·
Sotelo Blanco, 2007 ·
96 páx · 8 euros



PILAR BEIRO VOLVE escribir un libro de poemas, aínda que quizais no seguinte haxa unha voz que conte que o *Bingo* que agora temos nas mans é outra cousa. Nas súas páxinas lemos como quen enuncia alude –a propósito de *Hinterland?* (1999)– a un “Manual de Economía política, un pouco cru, / nunha nova corrente de marxismo autóctono postindustrial” que “Debe ser rescatado dos andeis onde pon POESÍA / e abeiralo alí onde se le: *Disidencia e Fin*”.

O discurso de Beiro insírese máis unha vez nunha poética autorreflexiva en que linguaxe, intervención social e feminismo se mesturan cun certo distanciamento irónico e comparte maneiras de achegarse ao real coas Redes escarlata, entre a Chus Pato dos últimos libros e o Xabier Cordal menos grave. Coa pretensión de incluílo todo no poema, con Adorno, Rimbaud, Celan, Chavela Vargas e Anna Akhmátova, na beira oposta Adam Smith. Con Pondal nun irónico exercicio de deconstrución, levándolle a contra a Manuel Antonio a propósito de onde vén o aire, todo patrocinado por “Nosa Señora da Perpetua Cháchara” / (Musa moi socorrida)”.

Pódese ler este *Bingo* como un exercicio de confrontación coas estratexias invasoras do capital entretecido cun conxunto de referencias que van afondando na feminización do discurso e nunha aposta por incorporar vivencias, desexos, lecturas, auga e palabras de rexistros confluentes pola forza das imaxes. Non é a mediación do humor, por veces incisivo, razón que desactive a potencia crítica, tamén por veces dirixida ao máis inmediato, sexa construción da nación ou democracia parlamentaria, sexa discurso verbo da diferenza.

Con dúas partes diferenciadas, a primeira un conxunto de menor cohesión e a segunda unha serie de catorce poemas, “A primeira vez (documental)”, é segundo avanza o libro que imos atopando unha meirande reflexión a propósito da identidade sexual –“Debo ser queer, porque a sensibilidade é aristocrática” ou “Sairalle barba a Rosalía?”–, da esquerda, do desposuimento da cultura ou da privatización do desexo que, con Deleuze e Guattari, atravesa o conxunto dun poemario en que o distanciamento irónico se exerce de maneira constante e contribúe tamén a cuestionar a esgazadura entre privado e público, aquí mesturados cunha naturalidade sempre consciente. // **Ana Salgado**